



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



Número 25/2016

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web "www.dicoruna.es".

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. Considerando que o proxecto "ACOREUROPA" se realiza entre 1 de outubro do 2014 e o 30 de setembro de 2015, o convenio terá efectos retroactivos dende o 1.10.2014, e extenderá a súa vixencia ate o 31.10.2016.

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter realizados os investimentos e presentada a xustificación antes do día 31.08.2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2016. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente el obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV. NATURALEZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26 de xuño de 2015

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTAS
E REXIME INTERIOR

Asdo.: Antonio Leira Piñeiro

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA CORUÑA, P.D.
A TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRA,

Asdo.: Silvia Cameán Calvete

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE BECAS EUROPA FP-PROXECTO "ACOREUROPA", NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE "ERASMUS+ 2014"

Na Coruña, 29 de xaneiro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte D. Antonio Leira Piñeiro, Deputado de Economía, Facenda, Contas e Réxime Interior, en virtude das resolucións da Presidencia num. 15671/2015 e num. 16642/2015, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área, e

Doutra, Dna. Silvia Cameán Calvete, Terceira Tenente de Alcalde e Concelleira de Xustiza Social e Coidados, por delegación de D. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde, Alcalde-Presidente do Concello da Coruña

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

O Programa Erasmus+ foi creado pola Unión Europea para promover un espazo europeo en materia de educación e formación profesional. Un dos seus obxectivos esenciais é mellorar a calidade da formación profesional de modo que axude a preparar aos xóvenes traballadores fronte aos cambios tecnolóxicos e industriais e mellorar as posibilidades de emprego.

O Programa Erasmus+ ofrece aos estudantes e recién titulados universitarios a posibilidade de realizar prácticas en organismos e empresas doutros países europeos, que lles acheguen cualificacións profesionais complementarias, co fin de mellorar as oportunidades de acceso ao mundo laboral. Ao mesmo tempo, pretende ofrecer aos organismos e empresas de acollida unha experiencia transnacional e un apoio á innovación a través da transferencia de tecnoloxía mediante a mobilidade dos recursos humanos.

Na convocatoria realizada no 2014 polo Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos – OAPEE (actualmente Servizo Español para la Internacionalización de la Educación – SEPIE), no marco do "Erasmus+ 2014-2020", o Concello da Coruña participou presentando o programa de Becas Europa FP-Proxecto "ACOREUROPA", no que a Deputación da Coruña manifestou a súa vontade de participar como entidade socia, colaborando no seu financiamento, para o caso de que fora aprobado.

O citado proxecto foi finalmente aprobado polo OAPEE, polo que procede agora a suscripción do correspondente convenio administrativo co Concello da Coruña no que se formalice a participación da Deputación da Coruña.

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do convenio é a formalización da participación da Deputación Provincial da Coruña, como entidade socia, na execución do programa de Becas Europa FP-Proxecto "ACOREUROPA", promovido polo Concello da Coruña no marco do Programa Erasmus+ 2014-2020.

O proxecto prevé a concesión de 50 bolsas, de ata 9 meses de duración, a realizar nos anos 2014 e 2015, nos seguintes países: Austria, Italia, Reino Unido, Irlanda e Francia, dirixidas aos alumnos titulados nos diferentes ciclos formativos de Formación Profesional que se imparten nos institutos de ensino secundario e centros integrados de formación profesional públicos do Concello da Coruña.

As bolsas inclúen un período de preparación/formación lingüística, cultural e profesional de 70 horas, durante o mes anterior ás saídas aos países de destino.

O convenio de subvención foi asinado polo OAPEE o 21.11.2014, e o prazo de execución do proxecto remata o 30 de setembro de 2015.

A Deputación participará na súa execución mediante:

- Asesoramento técnico nas distintas etapas do proxecto
- Apoio nas estratexias de difusión
- Asistencia na definición do calendario de traballo
- Apoio no contacto cos organismos intermediarios do proxecto
- Asistencia na elaboración e entrega da documentación aos participantes

- Cofinanciamento do proxecto cunha achega de 15.000,00 €.

II. ORZAMENTO DO PROXECTO

O orzamento do proxecto ascende a 830.457,10 €, cuxas partidas e financiadores se detallan no seguinte cadro de financiamento:

CONCEPTO DE GASTO	FINANCIADOR			TOTAL (€)
	OAPEE	DEPUTACIÓN	AYTO.CORUÑA	
Xestión do proxecto	42.350,00	0,00	0,00	42.350,00
Preparación lingüística e cultural dos participantes	7.500,00	0,00	0,00	7.500,00
Estancias (aloxamento, manutención, transportes e organización en destino) e viaxe	740.756,00	15.000,00	19.851,10	775.607,10
Seguros e difusión	0,00	0,00	5.000,00	5.000,00
TOTAL (€)	790.606,00	15.000,00	24.851,10	830.457,10

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 15.000,00 euros, que equivalen ao 1,8062 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificativo non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 1,8062 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo á subvención do Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos – OAPEE (hoxe SEPIE) e aos recursos propios do Concello da Coruña, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/3263/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o coste total do gasto efectivamente xustificativo.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificativo, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Unha vez asinado o convenio aboarse un primeiro prazo, por importe do 50 % do importe da achega provincial, despois da presentación por parte do Concello da Coruña dunha copia compulsada da primeira resolución de adjudicación das becas aos participantes.

2. O 50 % restante da achega aboarse despois da xustificación da execución total do proxecto, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Informe final do proxecto, presentado perante o SEPIE, suscrito polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, de acordó co modelo normalizado establecido polo citado Servizo, xustificativo do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Copia compulsada da segunda e posteriores resolucións de adjudicación das becas aos participantes, se as houbera.

- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

3. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, o Concello da Coruña deberá acreditar que está ao día nas súas obrigas tributarias e sociais, así como coa Deputación Provincial (este último extremo farase de oficio).

4. O aboamento da achega provincial materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. Se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar realizadas entre o 1.10.2014 e o 30.09.2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagos que procedan, o Concello da Coruña deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida ou autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do receptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se fora o caso, e segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conllevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das actividades conllevará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.